



RAY CHARLES

á hora de deixar os seus problemas coa heroína, mais seguía consumindo marihuana con tranquilidade.



Para Ray a súa cegueira non supuxo ningunha barreira ao longo da súa vida diaria. Na súa casa ou no seu traballo desenvolvíase con tanta soltura que moitos visitantes chegaban a sospeitar que

finxía a cegueira. Para ordeñar os seus traxes usaba un peculiar sistema, consistía en marcar as solas dos zapatos e os traxes, isto permitíalle coordinar estilos e cores á hora de vestirse. Cociñaba sen axuda e incluso resultou ser un excelente cociñeiro.

Foi proclamado O pai do soul, pero sempre mantivo unha distancia respecto a esa música. Durante os seus anos de esplendor non se adaptou ao soul sureño nin se aproximou ao son Motown ou ao son Filadelfia. Ray continuou triunfando con grandes baladas country. Fixo versións dos Beatles e comezou a ser moi familiar entre o público: participaba en comedias dos Blues Brothers ou Leslie Nielsen;

aparecía en campañas publicitarias vendendo dende Pepsi-Cola a outros produtos. Ray era unha persoa maior que ía por libre e que perdera o compás estético e ideolóxico dos novos tempos. Nin sequera cando a enfermidade se apodera del, renuncia á música. Pasa os seus últimos meses rematando Genius loves company, a colección de duetos que sería o seu éxito póstumo, e colaborando na película que nos descobre a súa apaixonada vida e na que é interpretado por Jamie Foxx - que grazas a esta extraordinaria interpretación recibiu o pasado 27 de Febreiro o Óscar ao mellor actor- rexurdindo de novo a imaxe de Ray Charles, que permanecerá inmortal entre nós.

Natalia R.C. 1ºBAC

JANIS JOPLIN (1943-1970)

A mellor cantante branca da historia do blues, e tamén representante do "acid-rock".

Este volcán, nacido nunha pequena vila de Texas (Port Arthur) no 1943, chegou á súa fin un 4-10-1970, pero a súa alma segue activa. Era unha muller forte, que soportou críticas feroces, algunha delas feita con moi mala intención, que soubo sobrepoñerse a músicos que non tiñan nin unha décima parte do seu talento, era capaz de tumbar bebendo a calquera, e soubo gañar o respecto do mundo machista.

Janis triunfou e gañou. O 12 de agosto de 1970 foi a última vez que Janis se subiu a un escenario, a



derradeira frase que pronunciou foi moi curiosa, foi algo semellante a unha última vontade: "Se aínda vos queda enerxía, ide para a casa e gastádea en amar a quen compartía a vosa vida con vós. Adeus".

Foi unha lenda do rock e do blues, nacida e morta para ser mito, un personaxe inmortal que posuía ese excepcional, inexplicable e cativador punto de tolemia e que facía posible a súa voz cascada, desgarrada, sensual, imperiosa, burlona, desamparada, obscena, vital, agresiva, vibrante... ¡non existen palabras para

JANIS JOPLIN

describila!, podemos describir a Janis enteiramente como ALMA. É a súa alma núa e limpa o que se percibe cando canta blues.

Foi a raíña das emocións ocultas, a voz dos corazóns torturados, unha muller que non parecía deste mundo. Janis Joplin veu ao mundo, e o mundo namorouse dela.

Cando cantaba poñía o seu corazón, a súa alma e a súa vida na canción. Berraba, retorcíase, choraba, facía uso do pracer e da paixón... era sentimento puro o que exhalaba a súa voz. Ao remate dun concerto, estaba empapada en suor...

Morreu con apenas 27 anos porque quixo vivir ao límite, experimentar todo o posible e vivir a vida fóra do escenario coa mesma intensidade coa que actuaba sobre el. Por iso se dixo de ela que non cantaba..."Janis sangraba". A súa música está feita para a emoción, para chorar, saltar, berrar e, sobre todo, gozar deste tesouro que nos deixou o mundo.

Janis Joplin foi unha moza extraordinariamente intelixente, sensible e cunha gran capacidade para aprender coñecementos novos, pero precisamente por esa mesma tendencia do seu carácter receptivo á comprensión e á aceptación de todo aquilo que vía e sabía, era enormemente vulnerable en tanto que calquera demostración de hostilidade ou de incompreensión cara a ela, facíaa sentirse rexeitada, e aquilo producíalle unha gran sensación de confusión e de

dor. Isto explica a súa acusada tendencia a quitar a dor que lle producía sentirse rexeitada con sustancias depresoras do sistema nervioso, é dicir, alcohol e drogas. Ela seguía a "ecuación": música-drogas.

Tiña calidades como persoa culturalmente inquieta, que lía todo o que caía nas súas mans e que buscaba nas conversas cos seus compañeiros o debate.

Como todo gran artista, como todo gran talento, foi capaz de crear unha nova linguaxe, de reinventar a música e todo o que a rodeaba, como ela soubo facer no rock americano dos anos 60 e que nunca coñeceu o medo a transgredir, a innovar, a ser ela mesma; a súa personalidade nunca foi lineal, nin previsible, nin axustada ao tipo de perfil no que podemos encarar á maioría das persoas. Janis Joplin é a día de hoxe un mito, unha lenda e un personaxe inmortal porque, sen dúbida, ela posuía ese punto de tolemia cativador que tal vez conlevaba de maneira inequívoca a xenialidade que envolvía a súa inimitable forma de cantar, de interpretar e de sentir a música, e que a envolvía a toda ela.

"Perla" (como lle chegaron a chamar os seus amigos) chegou a ser un personaxe a cuxa figura podemos aproximarnos desde puntos de vista moi deferentes, e en cada un deles, vela á súa vez desde diferentes caras.

Nela atopamos unha alma que, a través da forza da súa voz e o seu sentimento foi recoñecida como unha das intérpretes de blues e rock máis grandes que existiron xamais, á altura de nomes como os de Bessie Smith, Sarah Vaughan ou Billie Holiday.

Deixaba a súa pel, os seus sentimentos e a súa vida en cada canción. O blues, unha música que é imposible tocar se non se sente no máis profundo do corazón, cobrou unha dimensión completamente nova na voz de Janis. Estremecía, conmocionaba e impactaba como ningunha, porque vela cantar era vela sentir con tal intensidade a música que era imposible non darse conta de que estaba deixando anacos da súa propia vida en cada escenario.

Unha vida que non foi fácil, porque outro dos prismas desde os que podemos intentar coñecer a Janis é desde a vida dunha moza nacida e criada no seo dunha sociedade